

Curso POO PHP Expresións regulares

Expresións regulares

PHP ofrece soporte para utilizar expresións regulares ao estilo das que ten a linguaxe Perl por medio da [librería PCRE](#), que dende a versión 5.3.0 da linguaxe PHP xa non pode ser deshabilitada.

As expresións regulares empréganse xunto con certas funcións para realizar buscas, substitucións ou divisións en cadeas de texto. O patrón que contén a expresión regular encérrase entre delimitadores. O delimitador pode ser calquera carácter alfanumérico menos a barra invertida e o espazo.

Patróns

Dentro dos [patróns](#), pódense empregar caracteres especiais como os seguintes:

| Caracter | Significado |
|----------|--|
| \ | Escapa calquera dos caracteres especiais para poder empregalo dentro do patrón perdendo o seu significado. |
| ^ | Fixa o comezo da cadea |
| \$ | Fixa o final da cadea |
| . | Un carácter calquera |
| ? | O carácter anterior é opcional; pode figurar 0 ou 1 veces |
| + | Repite o carácter anterior 1 ou máis veces |
| * | Repite o carácter anterior 0 ou máis veces |
| | Separa dúas expresións alternativas |
| [] | Abranguen un conxunto ou rango de caracteres |

Por exemplo:

| Patrón | Significado |
|--------------|---|
| ^.*\$ | Calquera texto que comeza coa etiqueta e remata con |
| ^a A\$ | Letra a minúscula ou A maiúscula |
| a A | Calquera texto que conteña a letra a minúscula ou letra A maiúscula |
| [oO]?!a | Calquera texto que conteña "ola" ou "Ola" |

Funcións

Entre as [funcións que soportan expresións regulares](#) temos:

- **preg_match**. Compara unha cadea de texto con unha expresión regular.
- **preg_replace**. Realiza substitucións de expresións regulares en cadeas de texto.
- **preg_split**. Divide unha cadea de texto mediante unha expresión regular.

--Víctor Lourido 20:19 26 jun 2013 (CEST)